

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 21 de maio de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as nove horas e trinta minutos do día vinte e un de maio do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couso Torres* e o deputado *Marcos Guisasola Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33789.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día dez de maio de 2024.

2.33790.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE “ACTIVIDADES CULTURALS, ANO 2024”. (Expte. 2024010390)

Antecedentes:

Primeiro.- A Deputación de Pontevedra, dentro do seu obxectivo de promover e fomentar a cultura galega nas súas múltiples e variadas expresións artísticas, coa presente liña de subvencións, activa desde hai máis de trinta anos, subvenciona unha media de duascenas actividades culturais que organizan entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra co fin de contribuír á promoción, protección e difusión do patrimonio cultural, así como á dinamización cultural da provincia para apoiar o desenvolvemento da oferta cultural das zonas menos poboadas e promover e difundir así as nosas tradicións e as distintas manifestacións culturais.



Nesta convocatoria, a Deputación de Pontevedra promove, ademais, unha liña específica destinada á participación en festivais, certames e intercambios de carácter nacional e internacional, fóra da comunidade autónoma de Galicia, como elemento de fortalecemento do territorio, da conexión sectorial e da difusión do patrimonio material e inmaterial da provincia de Pontevedra, para contribuír deste xeito á difusión, ao mantemento e á recuperación da nosa cultura e das nosas tradicións tanto no ámbito provincial como máis alá das nosas fronteiras.

Segundo.- Esta convocatoria define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para promover, fomentar e difundir as actividades culturais que organicen as entidades culturais sen fins de lucro da provincia de Pontevedra entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

Terceiro.- As axudas estarán destinadas a entidades xurídicas sen fins de lucro con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra e que desenvolvan as súas actividades entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024 no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou a participación en festivais certames e intercambios de carácter nacional e internacional, sempre que sexa fóra da comunidade autónoma de Galicia, cando teñan relevancia para os intereses provinciais.

Cuarto.- Estas subvencións convócanse con cargo á aplicación 24/330.3340.489.05 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de trescentos mil (300.000,00) €, en dúas liñas de actuación:

- Liña 1 250.000,00 €
- Liña 2 50.000,00 €

As actividades subvencionables, en cada unha das liñas, son:

Liña 1:

- As actividades para a posta en valor do patrimonio inmaterial propio das vilas e comarcas da nosa provincia (costumes, tradicións, etnografía, crenzas e mitos)
- Os festivais, as mostras, os encontros e os certames culturais
- Os certames e as actividades de posta en valor da pintura, da escultura, da arquitectura e da banda deseñada

Liña 2:

- Participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais
- Intercambios culturais para potenciar o patrimonio musical e cultural, fóra da Comunidade autónoma de Galicia

Quinto.- A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo terceira da proposta de bases reguladoras.

Sexto.- Vistos os informes favorables xurídico e da Intervención de 13 de maio de 2024.



Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante.

No ámbito local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, no artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécense como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2024 e que figuran co CSV: 6Y4G2VXC4K5WWSKO.



3.33791.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIONES EN CAMIÑO CASTRO DE ORTO, CAMIÑO PADÍN E REBOREDO EN CAMPO LAMEIRO”. (Expte. 2024022946)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022315, formalmente e en prazo, emendado en data posterior, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Campo Lameiro* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 84.334,93 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Actuacións en camiño Castro de Orto, Camiño Padín e Reboredo en Campo Lameiro*”, cuxo orzamento ascende a 84.334,93 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	84.334,93	84.334,93	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Augas de Galicia e da rede eléctrica.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/04/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF: P3600700C, unha subvención por importe de 84.334,93€ co obxecto do financiamento do investimento “*Actuacións en camiño Castro de Orto, Camiño Padín e Reboredo en Campo Lameiro*” (Expte. 2024022946), cuxo orzamento ascende 84.334,93 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
2024	84.334,93	84.334,93	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial de Augas de Galicia e da Rede Eléctrica de España. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33792.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO CAMIÑO ENTRE CASIÑAS E CAMIÑO CARBALLEIRA” (Expte. 2024022950)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024022319, formalmente e en prazo, emendado en data posterior, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Campo Lameiro* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 160.000,01 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Recuperación do espazo para uso peonil no camiño entre Casiñas e Camiño Carballeira*”, cuxo orzamento ascende a 160.000,01 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	160.000,01	160.000,01	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais. O concello aclara que non é precisa a autorización de Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/04/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 29/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF: P3600700C, unha subvención por importe de 160.000,01€ co obxecto do financiamento do investimento “*Recuperación Do espazo para uso peonil no camiño entre Casiñas e Camiño Carballeira*” (Expte.2024022950)”, cuxo orzamento ascende 160.000,01€, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	160.000,01	160.000,01	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.33793.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA CAMIÑOS MUNICIPAIS 2024” (Expte. 2024020392)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/03/2024, mediante rexistro WEB2024019626, emendado en data posterior, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de Baiona* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 83.909,19 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora Camiños Municipais 2024*”, cuxo orzamento ascende 83.909,19 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
Total	83.909,19	83.909,19	0,00	0,00

A subvención solicitada de 83.909,19 € financia 79.250,69 € de execución de obra e 4.658,50 € de honorarios se dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 02/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 30/04/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B, unha subvención por importe de 83.909,19 € co obxecto do financiamento do investimento “*Mellora Camiños Municipais 2024*” (Expte. 2024020392)”, cuxo orzamento ascende 83.909,19 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Concepto	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos proprios do Concello -€
Total	83.909,19	83.909,19	0,00	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33794.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN EN AMEIXEIRA E PADROSOS (AMEIXEIRA), UCEIRA, SEIXAL E PAZOS (ALBEOS) E QUINTANS (VILAR)” (Expte. 2024021605)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2024, mediante rexistro WEB2024021229, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Crecente na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 127.033,80 €, co obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación en Ameixeira e Padrosos (Ameixeira), Uceira, Seixal e Pazo (Albeos) e Quintas (Vilar)”, en base a un orzamento polo mesmo importe.



O importe do orzamento contempla 120.936,18 €, de execución de contrata, IVE engadido e 6.097,62 € de honorarios técnicos (3.048,81 € redacción e 3.048,81 € dirección de obra), IVE engadido.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita o traspaso de fondos da Liña 1 á Liña 2 e do sobrante da Liña 3 á Liña 1.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 07/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Crecente* a cantidade de 127.033,80 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación en Ameixeira e Padrosos (Ameixeira), Uceira, Seixal e Pazo (Albeos) e Quintas (Vilar)*” (expediente: 2024021605) en base a un orzamento polo mesmo importe.
O importe do orzamento contempla 120.936,18 €, de execución de contrata, IVE engadido e 6.097,62 € de honorarios técnicos (3.048,81 € redacción e 3.048,81 € dirección de obra), IVE engadido.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Crecente*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.33795.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CRECENTE AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PROGRAMA PON2030 PARA REALIZAR O INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS NO CAMPO DE FÚTBOL DO CONCELLO DE CRECENTE” (Expte. 2024015567)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

No marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030- Programa PON2030, asinouse un convenio de colaboración entre o concello de Crecente e a Deputación Provincial (expediente: 2023030749) no que se concede ao *concello de Crecente* unha subvención de 364.206,54€ para financiar a actuación denominada “*Renovación de equipamentos no campo de fútbol do concello de Crecente*” cun orzamento que ascende a 428.478,28 €, sendo a achega municipal de 64.271,74 €.

PROGRAMA	ORZAMENTO	SUBVENCION DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA- PON2030	ACHEGA MUNICIPAL(Concello CRECENTE)
PON2030	428.478,28	364.206,54	64.271,74

En data 04/03/2024, con número de rexistro WEB2024014991, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Crecente na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 2ª, 3ª das reguladoras do Plan, (que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal), solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 64.271,74 €, co obxecto do financiamento da achega municipal do convenio asinado entre o *concello de Crecente* e a Deputación Provincial- Programa PON2030 para o investimento “*Renovación de equipamentos no campo de fútbol do concello de Crecente*”, sendo o seu orzamento de 428.478,28 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Achegas doutros Plans
2024	428.478,28	64.271,74	364.206,54 (PON2030)

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e cesión, do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024, figurando no expediente a documentación requirida.

Verificado polo centro xestor que o concello de Dozón, con data 01/03/2024, presentou a solicitude de actuación do grupo “*Ortiga e Pili Pampín*”, procede a súa rectificación de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito, ou aritméticos existentes nos seus actos.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Modificar o acordo núm. 4.33602 adoptado na Xunta de Goberno de 5 de abril de 2024, polo que se aprobaban as actuacións autorizadas aos concellos da provincia de Pontevedra con cargo ao Programa “+Música” 2024, nos termos expostos anteriormente.

Permanecendo invariable o resto do contido do citado acordo.



31.33819.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. PROXECTO DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS ODS E DE ACTIVACIÓN CIDADÁ EN RELACIÓN AO ODS 7 E AS COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍA”. (Expte. 2023030813)

No expediente consta o informe da Xefa de servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución de concesión de axudas da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 con destino ao proxecto “DEPO 2030 a provincia de Pontevedra coa enerxía comunitaria, alcanzable e limpa. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as comunidades locais de enerxía” e co obxecto de presentar a solicitude de modificación da Resolución de concesión para a ampliación do prazo de execución do referido proxecto, a Xefa de Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- *O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.*
- *O Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 publicou o día 06 de xullo de 2022 (BOE núm. 161) a Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais. Posteriormente, o día 28 de marzo de 2023 publicouse o extracto da resolución do 23 de marzo de 2023 da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 74).*
- *En data 27/04/2023, mediante a resolución presidencial número RP2023003412, apróbase o proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía” para a súa presentación á citada convocatoria. Posteriormente, en data 27/04/2023 o proxecto citado preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030; asinándolle o número de rexistro REGAGE23e00027150025.*
- *En data 08/11/2023, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, das subvencións concedidas, por concorrencia competitiva, destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2023. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, por importe de 249.500,00 € sendo o total do orzamento os 426.000,00 €.*



- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 25.33313 de aceptación das axudas concedidas polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño. (expte.2023030813).*
- *Na Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais, establécese que o prazo máximo para executar os proxectos será de un ano a partir da publicación da resolución de concesión polo que o prazo máximo de execución do proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía” finalizará o 8/11/2024.*
- *Na referida orde tamén se establece a posibilidade de solicitar a modificación da resolución, e así, no seu artigo 15.2 dispón: (...)”Artículo 15. Modificación de la resolución., “1º. Toda alteración de las condiciones tenidas en cuenta para la concesión de las subvenciones y la obtención concurrente de subvenciones o ayudas para la misma finalidad, procedentes de cualquier Administración Pública o ente público o privado, nacional, de la Unión Europea o de organismos internacionales, podrá dar lugar a la modificación de la resolución de concesión, de acuerdo con lo previsto en el artículo 19.4 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre. 2º Las entidades beneficiarias podrán solicitar con carácter excepcional la modificación del contenido de la actuación subvencionada, así como de la forma y plazos de su ejecución y justificación de los correspondientes gastos, cuando aparezcan circunstancias que alteren o dificulten el desarrollo de la actuación, que podrán ser autorizadas siempre que no puedan afectar a los objetivos o finalidad perseguidos por la ayuda, a sus aspectos fundamentales ni dañen derechos de terceros. Las solicitudes de modificación deberán fundamentar suficientemente dicha alteración o dificultad y deberán formularse con carácter inmediato a la aparición de las circunstancias que las justifiquen y, en todo caso, hasta treinta y tres días hábiles antes de la finalización del plazo de realización de la actividad “(...)*
- *O obxecto do proxecto é achegar á cidadanía da provincia de Pontevedra a realidade da Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), estimando que as actividades desenvólvanse en 20 concellos. A localización da Axenda 2030 na provincia de Pontevedra farase a partir de dúas liñas de traballo: achegar a Axenda aos pequenos concellos rurais, activando o compromiso cidadán co ODS e activar especificamente a acción cidadá e comunitaria cara ao ODS 7 enerxía alcanzable e non contaminante a partir do desenvolvemento de Laboratorios Cidadás, incidindo no valor social da enerxía comunitaria e nas Comunidades Locais de Enerxía (CLE) como instrumento útil para o seu despregamento e para loitar contra a pobreza enerxética*
- *Publicada a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, das subvencións concedidas por concorrencia competitiva destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2023, a Deputación de Pontevedra comezou a realizar os traballos necesarios para cumprir cos requisitos e esixencias da convocatoria.*



- *As accións do proxecto abarcan a realización de talleres cidadáns de co-creación e a posta en marcha dunha exposición itinerante sobre o ODS 7 “Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sostible e moderna” e a concienciación e a sensibilización sobre as comunidades enerxéticas; sendo as temáticas sobre as que versan estas actividades o aforro e a eficiencia enerxética, a mobilidade eléctrica, o autoconsumo, as comunidades enerxéticas e os autoconsumos compartidos, entre outras temáticas., o que supón a necesidade de contratación de persoal cun perfil moi específico e con coñecementos especializados nos diferentes ámbitos nos que se vai levar a cabo a sensibilización.*
- *Ao non dispoñer o servizo de Cooperación con medios humanos suficientes, debido á actual carga de traballo existente, en data 16/11/2023 realizábase por parte da xefatura do servizo a proposta de nomeamento de 2 persoas funcionarias interinas sen praza para a execución do programa de carácter temporal "OTC: Oficina de transformación comunitaria da provincia de Pontevedra (OTC_DEPO), realizar as tarefas de apoio á coordinación da OTC_DEPO e dos proxectos relacionados co acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sostible e moderna; como é o caso de “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA”.*
- *A pesar de solicitarse con premura o nomeamento deste equipo de apoio, a día de hoxe non se produciu a súa finalización, debido á dificultade de conformar os tribunais de selección xa que existen multitude de procesos selectivos en todas as entidades locais da provincia.*
- *Ademais, trala convocatoria e celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 celebráronse o 18/02/2024, e debido ao nomeamento de cargos na administración autonómica galega, tivo que reestruturarse as atribucións en áreas e centros xestores da propia deputación.*
- *Esta situación imprevista, provocou atraso nos traballos de planificación das contratacións administrativas necesarias para a execución do proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA”.*
- *Ante a demora acumulada, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda e así cumprir co seu obxectivo, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo en seis meses máis (6 meses), quedando reflexadas na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos relativos á execución do proxecto:*

“DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA”			
<i>Data solicitud</i>	<i>Data concesión</i>	<i>Prazo límite para a execución</i>	<i>Prazo límite para a execución trala <u>modificación</u></i>
<i>27/04/2023</i>	<i>08/11/2023</i>	<i>08/11/2024</i>	<i>08/05/2025</i>



- *A ampliación do prazo de execución en seis meses máis (6 meses) do proxecto, non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica ós intereses de terceiros, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais e no propio proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”.*
- *A solicitude de modificación é previa a data de conclusión do prazo para a realización da actividade.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 161) e Resolución do 23 de marzo de 2022 da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais (BOE núm. 74).*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS).*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- *De conformidade co previsto 15.2 da Orde DSA/632/2022, as entidades beneficiarias poderán solicitar con carácter excepcional a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento da actuación, que poderán ser autorizadas sempre que non poidan afectar os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, aos seus aspectos fundamentais nin danen dereitos de terceiros.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*



- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedido dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administración

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigos 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio
- Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Base 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Segundo o artigo 5 da Orde DSA/632/2022, a presentación da solicitude e demais documentación que se determine na convocatoria deberá facerse unicamente mediante medios electrónicos a través da aplicación informática específica que se estableza na convocatoria.
- Segundo o artigo 2 da LXS, na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro, entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.
- No artigo 62 do RLXS, establécese que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúese a Xunta de Goberno



III.- CONCLUSIONES:

En data 08/11/2023, publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030, das subvencións concedidas, por concorrencia competitiva, destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais correspondente á 2023 na que concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra, para a execución do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, por importe de 249.500,00 € sendo o total do orzamento os 426.000,00 €.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 25.33313 de aceptación das axudas concedidas polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da axenda 2030 nas entidades locais, no marco da orde DSA/632/2022, do 23 de xuño (expte.2023030813). O prazo máximo para executar os proxectos será de un ano a partir da publicación da resolución de concesión, polo que o prazo máximo de execución do citado proxecto finalizará o 8/11/2024.

Publicada a citada Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 correspondente á 2023, a Deputación de Pontevedra comezou a realizar os traballos necesarios para cumprir cos requisitos e esixencias da convocatoria.

A pesar de solicitarse con premura o nomeamento deste equipo de apoio, a día de hoxe non se produciu a súa finalización, debido á dificultade de conformar os tribunais de selección xa que existen multitude de procesos selectivos en todas as entidades locais da provincia. Ademais, trala convocatoria e celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2024 celebráronse o 18/02/2024, e debido ao nomeamento de cargos na administración autonómica galega, tivo que reestruturarse as atribucións en áreas e centros xestores da propia deputación.

Esta situación imprevista, está a producir demoras no calendario de execución dos traballos non posibilitando que se cumpran as condicións das resolucións de concesión do proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA”.

Ante a demora acumulada, e co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, é aconsellable a ampliación do prazo en seis meses máis (6 meses), quedando reflexadas na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos:

“DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA”			
Data solicitud	Data concesión	Prazo límite para a execución	Prazo límite para a execución trala modificación
27/04/2023	08/11/2023	08/11/2024	08/05/2025



Esta ampliación do prazo de execución non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica ós intereses de terceiros, que sempre deberán estar en consonancia co establecido na Orde DSA/632/2022, do 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas Entidades Locais e no propio proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”. Ademais, a solicitude de modificación é previa a data de conclusión do prazo para a realización da actividade.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución é necesario a ampliación do prazo máximo de execución do proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía” en (6) seis meses adicionais; sendo a nova data máxima para executar a indicada na táboa anterior: 08/05/2025.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para a execución do proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución do proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía” non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACION DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. PROXECTO DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE OS ODS E DE ACTIVACIÓN CIDADÁ EN RELACIÓN AO ODS 7 E AS COMUNIDADES LOCAIS DE ENERXÍA”.

IV. Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16^a.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno. Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

*A xefa do servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 09/05/2024, e da Intervención Provincial de data 10/05/2024, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

– Solicitar ao *Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030* a ampliación do prazo máximo de doce (12) meses, a contar desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para a execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto “DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA. Proxecto de concienciación e sensibilización sobre os ODS e de activación cidadá en relación ao ODS 7 e as Comunidades Locais de Enerxía”, en seis (6) meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización do citado proxecto segundo o recollido na seguinte táboa:

“DEPO 2030 A PROVINCIA DE PONTEVEDRA COA ENERXÍA COMUNITARIA, ALCANZABLE E LIMPA”			
Data solicitud	Data concesión	Prazo límite para a execución	Prazo límite para a execución trala modificación
27/04/2023	08/11/2023	08/11/2024	08/05/2025

– Darlle traslado do presente acordo ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

32.33820.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE PONTEAREAS E AS NEVES, PARA LEVAR A CABO A ACTUACIÓN “FERRAMENTAS DIXITAIS PAR A INTERPRETACIÓN DE CASTROS”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU. (Expte.2023067211)

I. ANTECEDENTES

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolvido conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.



A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarios para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As inversións do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levaranse a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.

A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.

A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, de acordo co previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan o tres niveles de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre o tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.



No marco desta convocatoria extraordinaria a Deputación de Pontevedra presentou o "Plan de Sustentabilidade Turística do Condado Paradanta. Unha terra entre ríos" (PSTD do Condado Paradanta).

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- R.D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación trala crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.
- Resolución de 23 de decembro de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiación de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



- Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaria de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021 polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 investimento 1 do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio 2021

2. CONSIDERACIONES XURÍDICAS E TÉCNICAS

En consecuencia, A deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 17 de setembro de 2021 o proxecto “*Condado Paradanta, Unha Terra Entre Ríos*”.

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeral: Promover o crecemento equilibrado e impulsar a renovación do sector turístico de Condado Paradanta e orientalo na dinámica do turismo sostible e mellorar a calidade de vida na contorna. O modelo de desenvolvemento turístico de Condado Paradanta implicará a dinamización económica e social da comunidade e a preservación do seu patrimonio natural e cultural. Situarase ás persoas no centro da estratexia potenciando a xeración de oportunidades e potenciando a participación cidadá e dos visitantes no desenvolvemento dun novo modelo turístico orientado cara á sustentabilidade e creación de tecido produtivo e asociativo. Prevese mellorar a rendibilidade social e económica do turismo na comarca.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: 3 anos (desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2024).

Ámbito de actuación do proxecto: Os concellos das Neves, Mondariz, Mondariz Balneario, Pontearreas, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, A Cañiza, Arbo, Covelo e Crecente.

Actuacións: Actuación	Coste total
ACT001. Plan Director da contorna do Castelo de Sobroso	113.000,00 €
ACT002. Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos	247.000,00 €
ACT003. Plan de iluminación eficiente del patrimonio	200.000,00 €
ACT004. Plan integral da mobilidade e accesibilidade do destino	155.000,00
ACT005. Producto de realidade virtual entorno á festa do Corpus de Pontearreas	70.000,00 €
ACT006. Ferramentas dixitais para a interpretación de castros e pesqueiras	180.000,00 €
ACT007. Recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea	75.000,00 €
ACT008. A Festa de Corpus Christi en Pontearreas. Creación do primeiro museo ó aire libre	130.000,00 €
ACT009. Plan de marketing e creación de marca	80.000,00 €
ACT010. Configuración e desenvolvemento de novos produtos turísticos sostibles. Centro BTT	80.000,00 €
ACT011. Club de produto de la lamprea	120.000,00 €
ACT012. Apoio ao ente xestor: coordinación, seguimento y avaliación do plan	50.000,00 €
Total de gastos	1.500.000,00 €



Financiación: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 1.500.000,00 € (sen IVE, non sendo este financiable).

Subvención proposta: 1.500.000,00 € (sen IVE).

No BOE do 13 de Xaneiro publícase a Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaria de Estado de Turismo, pola que se acorda a distribución dos créditos ás comunidades autónomas, e formalízanse os compromisos financeiros derivados do Acordo da Conferencia sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021 polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición para as comunidades autónomas do crédito destinado ao financiamento de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 investimento 1 do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia, para o exercicio 2021, tamén consta no crédito asignado a PT Galicia 2021 ao PSTD Condado Paradanta unha Terra entre dúas Ríos, detallando a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 1.500.000,00 €. A desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución da achega é o seguinte:

A desagregación por conceptos do orzamento financiable e distribución da aportación é o seguinte:

Actuación	Orzamento financiable	IVE (achega da Deputación)
ACT001. Plan Director da contorna do Castelo de Sobroso	113.000,00 €	23.730,00 €
ACT002. Traballos de renaturalización nas ribeiras dos ríos	247.000,00 €	51.870,00 €
ACT003. Plan de iluminación eficiente del patrimonio	200.000,00 €	42.000,00 €
ACT004. Plan integral da mobilidade e accesibilidade do destino	155.000,00	32.550,00 €
ACT005.Producto de realidade virtual entorno á festa do Corpus de Pontearas	70.000,00 €	14.700,00 €
ACT006. Ferramentas dixitais para a interpretación de castros e pesqueiras	180.000,00 €	37.800,00 €
ACT007. Recuperación e posta en valor do patrimonio etnográfico e melloras para o Centro do Tea	75.000,00 €	15.750,00 €
ACT008. A Festa de Corpus Christi en Pontearas. Creación do primeiro museo ó aire libre	130.000,00 €	27.300,00 €
ACT009. Plan de marketing e creación de marca	80.000,00 €	16.800,00 €
ACT010. Configuración e desenvolvemento de novos produtos turísticos sostibles. Centro BTI	80.000,00 €	16.800,00 €
ACT011. Club de produto de la lamprea	120.000,00 €	25.200,00 €
ACT012. Apoio ao ente xestor: coordinación, seguimento y avaliación do plan	50.000,00 €	10.500,00 €
Total de gastos	1.500.000,00 €	315.000,00 €



Distribución da achega	Orzamento
Aportación Ministerio	1.500.000,00 €
Aportación Deputación de Pontevedra (IVE)	315.000,00 €
TOTAL	1.815.000,00 €

Que os concellos de Pontearreas e As Neves mostraron o seu compromiso de participar no proxecto no proceso participativo levado a cabo para a redacción do plan de sustentabilidade turística, priorizando nese momento unha selección de actuacións dentro do proxecto a implementar dentro do seu termo municipal.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas de Modernización do Goberno Local, atribúe ás deputacións competencias en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Doutra banda, os municipios, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais nos eixos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; á vez que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan alcanzar os mesmos dereitos e servizos.

Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto de convenio é articular ditas bases para a execución de actuacións seleccionadas polos Concellos no seu termo municipal dentro do marco do citado proxecto.

Comezada a execución do Plan de Sustentabilidade, o servizo de turismo contrata a redacción do proxecto da *“Implantación dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recurso turístico dos Castros de Troña e Altamira, no marco do PRTR Compoñente 14 -Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Condado – Paradanta. Unha terra entre ríos”*, que consta no expediente 2023076136, supervisado e asinado polo director do proxecto.

Especifícase no convenio, entre outras cláusulas, as características e requisitos da actuación 6 *“Ferramentas dixitais para a interpretación de castros e pesqueiras”*, o importe e financiamento, os compromisos das partes, vixencia do convenio e a súa extinción, contendo, polo menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo acompáñase da correspondente memoria xustificativa onde se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada Lei.



O 5 de marzo de 2024 emítase informe sobre a necesidade de aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Pontearreas e As Neves*, para levar a cabo a actuación “Ferramentas dixitais para a interpretación de Castros”, no marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU. (CSV:E4BD7P4QPYFBCLIX).

O 5 de marzo de 2024 emítase informe xurídico sobre o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Pontearreas e As Neves* (CSV:Y71ECI7ZX5P2YBDA).

O 6 de maio xuño de 2024 Intervención emite informe con observacións (CSV: RXYNBF5C5X9KGUUS) e certifica a existencia de crédito por importe de 72.649,42 € nas aplicacións orzamentarias do proxecto de gasto 92210005 CONDADO-PARADANTA, UNHA TERRA ENTRE RÍOS, nas que se xerou crédito pola achega do Ministerio de Turismo.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16.2 de execución do vixente orzamento Deputación de Pontevedra.

III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o “*Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e os Concellos de Pontearreas e As Neves*, para levar a cabo a actuación “Ferramentas dixitais para interpretación de castros”, no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU cuxo texto é como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA Y LOS AYUNTAMIENTOS DE PONTEAREAS Y AS NEVES, PARA LLEVAR A CABO LA ACTUACIÓN “HERRAMIENTAS DIGITALES PARA LA INTERPRETACIÓN DE CASTROS”, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

En Pontevedra, en la fecha de la firma electrónica

INTERVIENEN

De una parte, D. Luis López Diéguez, quien actúa en nombre y representación de la Diputación Provincial de Pontevedra, en virtud de su cargo como Presidente de este organismo y en función de las atribuciones que le confieren el artículo 34.1.b de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local (LRBRL), y el artículo 105 de la Ley 5/1997, de 22 de julio, de administración local de Galicia (LALGA).

De otra parte, D.ª María Nava Castro Domínguez y D. José Manuel Alfonso González, quienes actúan, respectivamente, en nombre y en la representación de los Ayuntamientos de Pontearreas y As Neves, en virtud de su condición de Alcaldesa-presidenta y Alcalde-presidente de la citadas Corporaciones, según lo dispuesto en el artículo 21.1.b de la LRBRL, en el artículo 61.1 de la LALGA y en el artículo 41.1 del Real decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.



Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidad de secretario general de la Diputación Provincial de Pontevedra, dando fe del acto que se celebra.

Las partes actúan en las representaciones expresadas y se reconocen recíprocamente capacidad bastante para el otorgamiento y formalización de este convenio, con base a los principios de colaboración, cooperación, coordinación y eficacia que deben presidir las actuaciones de las Administraciones Públicas y, a estos efectos, de común acuerdo

EXPONEN

Asimismo, la falta de entendimiento previo por la Comisión de Seguimiento, las partes quedan sometidas a la Jurisdicción Contencioso-Administrativa en la resolución de las posibles controversias que pudiera suscitar el incumplimiento o la interpretación del convenio.

Y, como prueba de conformidad, las partes que intervienen firman el presente convenio en la fecha de la firma electrónica.

ANEXO I: Actuaciones y desglose por conceptos del presupuesto financiable y distribución de la actuación “HERRAMIENTAS DIGITALES PARA LA INTERPRETACIÓN DE CASTROS” LA IMPLANTACIÓN DE UNA PLATAFORMA MUSEOGRÁFICA VIRTUAL PARA LA PUESTA EN VALOR COMO RECURSO TURÍSTICO DE LOS CASTROS DE TROÑA Y ALTAMIRA, EN EL MARCO DEL PRTR COMPOÑENTE 14 – PLAN DE SOSTENIBILIDAD TURÍSTICA EN DESTINO”, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU

IMPLANTACIÓN	COSTE
Implantación Plataforma	9.433,96 €
Generación Contenidos	24.891,34 €
Suministro señalética	14.375,56 €
Gastos generales (5%)	2.435,04 €
Beneficio Industrial (6%)	3.068,15 €
VALOR ESTIMADO	54.204,05 €
IVA (21%)	11.382,85 €
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	65.586,90 €

SOPORTE Y MANTENIMIENTO	COSTE
Plataforma	3.447,25 €
Señalética	1.796,95 €
Gastos generales (5%)	262,21 €
Beneficio Industrial (6%)	330,38 €
VALOR ESTIMADO	5.836,79 €
IVA (21%)	1.225,73 €
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	7.062,52 €



33.33821.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS CON FORMIGÓN EN ALAMOSA, CASTELÁNS, BARCIA DE MERA, MACEIRA E GODÓNS” (Expte. 2024022385)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024021918, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *concello de Covelo* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 91.598,17€, co obxecto do financiamento do investimento “*Pavimentación de camiños con formigón en A Lamosa, Casteláns, Barcia de Mera, Maceira e Godóns*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

O importe do orzamento contempla 83.847,55 € de execución de contrata, IVE engadido e 7.750,62 € de honorarios técnicos (4.579,91 € redacción, 2.818,41 € dirección de obra e 352,30 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (AXI).

As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27^a do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 10/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/05/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Covelo* a cantidade de 91.598,17 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación de camiños con formigón en A Lamosa, Casteláns, Barcia de Mera, Maceira e Godóns*” (expediente: 2024022385), en base a un orzamento polo mesmo importe.

O importe do orzamento contempla 83.847,55 € de execución de contrata, IVE engadido e 7.750,62 € de honorarios técnicos (4.579,91 € redacción proxecto, 2.818,41 € dirección de obra e 352,30 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.

- A presente concesión queda condicionada a obtención da autorización sectorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, así como á presentación do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III).
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Covelo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

34.33822.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO PARA O INVESTIMENTO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE NOALLA” INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2024016724)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de €, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Sanxenxo o importe que lle corresponde é de 107.917,11 €.



En data 08/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024016095), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Sanxenxo, emendada nas datas 19/03/2024, 07/05/2024 e 09/05/2024 (núm. rexistro WEB2024018178, WEB2024029647 e WEB2024030159), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 107.912,87 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Acondicionamento das instalacións do campo de fútbol municipal de Noalla*”, cun orzamento polo mesmo importe.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 10/05/2024 (CSV: VLHA7D0KT6TS48MM).

Así mesmo, o 13/05/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: B2MILAMH8QR3LW2K) e a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 1K8JO81A9TFGM7WA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Sanxenxo relativa ao financiamento da totalidade do investimento denominado “Acondicionamento das instalacións do campo de fútbol municipal de Noalla”, presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 107.912,87 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Sanxenxo*, CIF P3605100A, a cantidade de 107.912,87 € con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento das instalacións do campo de fútbol municipal de Noalla*” ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento polo mesmo importe. A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial do Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente. Así mesmo, o Concello de Sanxenxo posterga a remisión da resolución ou acordo de aprobación do proxecto técnico (ou o certificado da resolución ou acordo adoptado) e da acta de trazado previo á obtención da citada autorización sectorial, documentos que deberán ser presentados no momento da primeira xustificación.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



35.33823.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ANO DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA DO ACORDO DE CONCESIÓN DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS 2024 PARA OS CONCELLOS DE AGOLADA, BAIONA, BUEU, CALDAS DE REIS, CAMBADOS, A CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, GONDOMAR, O GROVE, A GUARDA, MEAÑO, MOAÑA, MONDARIZ, MOS, NIGRÁN, POIO, PONTE CALDELAS, SALCEDA DE CASELAS, SALVATERRA DE MIÑO, SANXENXO, SILLEDA, TOMIÑO, TUI, VILA DE CRUCES E VILANOVA DE AROUSA (Expte.2023072113)

1º.- Mediante acordo de Xunta de Goberno de data 26/04/2024, aprobouse a concesión do *Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2024* para os concellos de *Agolada, Baiona, Buen, Caldas de Reis, Cambados, A Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Gondomar, O Grove, A Guarda, Meaño, Moaña, Mondariz, Mos, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Tomiño, Tui, Vila de Cruces e Vilanova de Arousa.*

2º.- Revisado o contido do acordo, advírtese un erro na aplicación orzamentaria do Plan, facéndose referencia de maneira incorrecta ao ano da mesma.

De conformidade con establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estas poderán rectificar en calquera momento de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos, en consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Rectificar o acordo adoptado na Xunta de Goberno de data 26 de abril de 2024, no seguinte senso:

Onde di: “ (...)foron informados por Intervención favorablemente nas datas que se indican na táboa constando nos informes a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 23/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para os citados concellos para o exercicio 2024.”

Debe dicir: “ (...)foron informados por Intervención favorablemente nas datas que se indican na táboa constando nos informes a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 24/231.2313.462.00 para facer fronte ó gasto para os citados concellos para o exercicio 2024.”

36.33824.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RIBADUMIA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN E MELLORAS DOS PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS DA PRAZA DO CONCELLO E DO CENTRO DE BARRANTES” (Expte.2024022365)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, (acordo nº4.8103), acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 03/04/2024, mediante rexistro WEB2024021835, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de RIBADUMIA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 169.512,22 €, co obxecto do financiamento do investimento “REPARACIÓNS E MELLORAS DOS PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS DA PRAZA DO CONCELLO E DO CENTRO DE BARRANTES”, cuxo orzamento ascende 169.512,22 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
169.512,22 €	169.512,22 €	0,00 €	0,00 €

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27^a.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 13/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Ribadumia* (CIF:P3604600A), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investimentos, unha subvención por importe de 169.512,22 € co obxecto do financiamento do investimento “*Reparacións e melloras dos parques infantís municipais da praza do Concello e do Centro de Barrantes*” (Expte. 2024022365), cuxo orzamento ascende 169.512,22 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
169.512,22€	169.512,22€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ribadumia*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



37.33825.- COMUNICACIÓN

Non houbo.

38.33826.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBEXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DO CÉSPEDE NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CHAN DA BARCIA (Expte.2024019850)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 21/03/2024, mediante rexistro WEB2024018716, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha solicitude do concello de PONTE CALDELAS na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 158.241,05 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) do investimento “RENOVACIÓN DO CÉSPEDE NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE CHAN DA BARCIA”, cuxo orzamento ascende 306.071,48 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 47.830,43€, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial e a financiación por importe de 100.000,00€ do Consorcio de Seguros por Inundación, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención que solicita	PEID	Consortio seguros por inundación
306.071,48 €	158.241,05 €	47.830,43 €	100.000,00€



Consta no expediente documento acreditativo relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que e preciso presentar declaración responsable ante Augas de Galicia.

A petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

A execución deste investimento así como a súa xustificación suxeitarase as normas do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/05/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 03/05/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/05/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder unha subvención ao *concello de Ponte Caldelas*, CIF: P3604300H, ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, por importe de 158.241,05 € co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas do investimento “*Renovación do céspede no campo de fútbol Municipal de Chan da Barcia*” (expediente nº: 2024019850)”, cuxo orzamento ascende 306.071,48 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención que solicita	PEID	Consortio seguros por inundación
306.071,48 €	158.241,05 €	47.830,43 €	100.000,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas e realizaranse as oportunas operacións de formalización
- A execución e xustificación deste investimento rexeráse polas normas do plan que se co-financia, Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas aprobado por acordo da Xunta de Goberno 2.33272 de 15/12/2023 (BOPPO nº 245 do 22/12/2023)
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Ponte Caldelas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

39.33827.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as nove horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

